

Resolución reitoral do 14 de novembro de 2025 pola que se establece o proceso de selección de titulacións universitarias oficiais de grao impartidas pola Universidade da Coruña, no curso académico 2024/2025, para optar á concesión do Selo de grao de excelencia.

Mediante a [Orde do 24 de outubro de 2025](#) (Diario Oficial de Galicia do 4 de novembro), a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional establece os criterios e condicións e convoca a concesión do Selo de grao de excelencia do Sistema universitario de Galicia (SUG) a un máximo de dúas titulacións universitarias oficiais de grao impartidas polas universidades do SUG no curso académico 2024/2025.

Esta distinción pretende favorecer a posta en marcha de medidas de mellora da calidade na oferta de titulacións universitarias de grao nas universidades do SUG, impulsando a innovación docente, o enriquecemento da oferta formativa e o fortalecemento da conexión coa contorna social e produtiva. O outorgamento do Selo de grao de excelencia permitirá ás titulacións distinguidas contar cunha diferenciación e identificación coa calidade e o prestixio, potenciar a súa actividade docente e investigadora, e incrementar o seu atractivo e capacidade de retención de talento.

En cumprimento do disposto na precitada orde, resolvo convocar o proceso de selección entre titulacións de grao impartidas pola Universidade da Coruña (UDC) no curso académico 2024/2025, coa finalidade de seleccionar as dúas titulacións que se presentarán para optar á obtención do Selo de grao de excelencia na Comunidade Autónoma de Galicia. Este proceso rexeráse polas seguintes bases:

PRIMEIRA. Participantes

Poderán participar nesta convocatoria as facultades e escolas da UDC que estean interesadas en presentar algunha das súas titulacións oficiais de grao como candidatas ao Selo de grao de excelencia.

As solicitudes das titulacións interuniversitarias faranse exclusivamente na universidade coordinadora.

SEGUNDA. Requisitos

Os títulos para os que se solicite o Selo de grao de excelencia deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser títulos de grao universitario oficial, con validez en todo o territorio nacional, e contar coa autorización de impartición da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Estar sendo impartidos pola UDC de xeito ininterrompido, como mínimo desde o curso 2020/2021, e continuar impartíndose na actualidade co mesmo código RUCT vixente.

TERCEIRA. Forma e prazo de presentación de solicitudes

Presentación de solicitudes

As facultades e escolas presentarán na Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través de correo electrónico vti@udc.gal, as súas solicitudes debidamente cubertas para cada título conforme os anexos I e II da presente convocatoria.

Memoria e datos de referencia

Cada centro deberá presentar unha memoria sintética, cunha extensión recomendada máxima de catro páxinas, na que se indiquen de forma resumida os principais indicadores e información cualitativa relacionados cos recollidos no anexo II desta convocatoria.

Esta información terá carácter orientador e servirá para a valoración interna, mais deberá basearse en datos reais e verificables, que poidan ser ampliados e xustificados na documentación definitiva que se presente ante a Secretaría Xeral de Universidades, no caso de que a titulación resulte seleccionada, de acordo co previsto na Orde do 24 de outubro de 2025.

Os datos e resultados incluídos na memoria deberán axustarse, cando así se indique expresamente, ao período temporal establecido na devandita Orde. Nos restantes casos, farán referencia ao curso académico 2023/2024 ou, se é o caso, aos últimos indicadores institucionais dispoñibles publicados por ACSUG, SIIU ou pola propia UDC.

Prazo de presentación

O prazo de presentación remata o día 19 de decembro de 2025.

Poderase requirir ás facultades e escolas a emenda das solicitudes que presenten defectos formais, nun prazo máximo de tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento. No caso de non se emendar no prazo establecido, considerarase que o centro desiste da súa solicitude.

CUARTA. Selección

A Comisión de Plans de Estudos (CPE), delegada do Consello de Goberno da UDC, será o órgano competente para efectuar a selección das propostas presentadas.

A valoración realizarase atendendo aos criterios xerais de calidade e adecuación establecidos na Orde do 24 de outubro de 2025, así como ás orientacións definidas pola propia CPE para esta fase interna de selección.

De maneira complementaria, a CPE poderá considerar criterios de carácter estratéxico propios da Universidade da Coruña, tales como a potenciación de ámbitos formativos prioritarios, a promoción de novos proxectos académicos, o equilibrio territorial entre campus ou outros factores que contribúan ao posicionamento institucional da Universidade.

A CPE fará pública no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade a relación das titulacións seleccionadas provisionalmente e abrirá un prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación, para que os centros participantes poidan presentar alegacións.

QUINTA. Presentación das solicitudes finalistas

Unha vez examinadas, no seu caso, as alegacións presentadas, a CPE adoptará o acordo mediante o que se efectúe a selección definitiva das dúas titulacións de grao que serán presentadas á convocatoria da Secretaría Xeral de Universidades.

A presentación dunha titulación nesta convocatoria implica o compromiso expreso do centro responsable de, no caso de resultar seleccionada, elaborar e presentar a documentación final conforme os modelos de anexo I e anexo II da Orde do 24 de outubro de 2025, e seguir o procedemento e prazos nela establecidos.

O prazo interno de presentación da documentación final ante a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización rematará o día 2 de febreiro de 2026, coa finalidade de proceder á súa revisión e envío á Secretaría Xeral de Universidades.

SEXTA. Norma derradeira

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso ante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Potestativamente, poderase optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

ANEXO I. Datos da titulación de grao

Denominación do título	
-------------------------------	--

Responsable do título (coordinador/a)	
1.º apelido	
2.º apelido	
Nome	
DNI	
Categoría profesional	

Requisitos para solicitar o selo	
Denominación do grao	
Centro/s onde se imparte o título	
Título conxunto (si/non)	Si ☐ Non ☐
Universidades participantes (indíquese a universidade coordinadora)	
Natureza do centro universitario	Propio ☐ Adscrito ☐
Data publicación DOG (autorización de implantación)	
Código RUCT	
Rama e ámbito de coñecemento	
Curso inicio impartición do grao	
Impartición ininterrompida desde o curso 2020/21	Si ☐ Non ☐
N.º de estudantes matriculados	<u>2020/21:</u> <u>2021/22:</u> <u>2022/23:</u> <u>2023/24:</u>

Lugar e data da sinatura electrónica:

DECLARACIÓN DE COMPROMISO

O/a asinante, en representación do centro responsable da titulación, declara que leu e acepta as bases da presente convocatoria e que, no caso de que a titulación resulte seleccionada para a súa presentación á convocatoria da Secretaría Xeral de Universidades, comprométese a elaborar e entregar a documentación final conforme ao establecido na Orde do 24 de outubro de 2025 e nos prazos fixados pola Universidade da Coruña.



ANEXO II. Memoria para a selección de candidatos na UDC ao Selo de grao de excelencia

Co fin de facilitar a elaboración das memorias sintéticas (de extensión recomendada máxima de catro páxinas) que deben presentar as facultades e escolas no marco do proceso interno de selección das titulacións de grao candidatas ao Selo de grao de excelencia, recóllense a continuación os criterios e indicadores que poden incluírse na devandita memoria.

Esta relación de criterios pretende servir de apoio para estruturar a información e destacar os resultados que cada centro considere máis representativos da súa titulación, de acordo coa Orde do 24 de outubro de 2025 (DOG do 4 de novembro).

Criterio	Resultado e evidencias (a modo de orientación)
Estratexia e resultados	
Taxa de ocupación	Indicador SIIU: matrícula real (prazas ocupadas/prazas ofertadas). <u>Período de referencia: datos do último curso académico.</u>
Taxa de graduación	Indicador SIIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que finalizan a titulación no tempo teórico previsto no plan de estudos máis un curso ou antes
Taxa de cambio	Indicador SIIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso nun estudo, que non se matriculou nese estudo durante dous cursos seguidos, nin se titulou, e matriculáronse nalgún outro título universitario oficial nalgún deses dous cursos.
Taxa de abandono	Indicador SIIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso nun estudo, que sen titularse non se matricularon no devandito estudo durante dous cursos seguidos
Enquisa de satisfacción	Datos das enquisas do alumnado dos <u>4 últimos cursos académicos</u> . A relación entre a nota media de satisfacción co profesorado do centro e a nota media de satisfacción co profesorado da rama de coñecemento e co profesorado da universidade. Datos da satisfacción dos egresados coa docencia recibida referido ao estudo de inserción laboral do Informe ACSUG (<i>volvería cursar a mesma titulación na mesma universidade despois de 5 anos?</i>)
Currículo	
Flexibilidade do currículo	Competencias contextualizadas na contorna laboral. Formatos híbridos (en liña, presencial ou mixtos). Incorporación no currículo da intersección de saberes que facilite a comprensión e resolución colaborativa de problemas sociais reais.
Colaboración co contorno e co tecido empresarial	Codeseño e participación activa na docencia, elaboración do plan de estudos e/ou desenvolvemento de proxectos.
	Asesoramento, impartición de seminarios.



	Bolsas ou colaboración económica...
Calidade	Recoñecementos da calidade da titulación (selos de calidade nacionais e internacionais).
	Posición da titulación en <i>rankings</i> .
Revisións periódicas do currículo	Actuacións en relación con procedementos de avaliación, seguimento e/ou revisións periódicas do currículo. Actualización e mellora de acordo coa empregabilidade, evolución técnica, obxectivos estratéxicos...
Deseño do proceso de ensino-aprendizaxe	
Metodoloxía docente	Propostas educativas de calidade relevantes. Incorporación de metodoloxías activas que melloran a comprensión, motivación e participación do estudantado. Incorporación de metodoloxía híbrida e/ou virtual.
Participación en proxectos aprendizaxe-servizo ou outras propostas de innovación	Indíquese a existencia de proxectos de aprendizaxe-servizo, innovación ou docencia colaborativa. Menciónese se están integrados no plan de estudos ou son complementarios e, se se coñece, a porcentaxe aproximada de materias que incorporan algunha metodoloxía innovadora.
Formación práctica	Porcentaxe de ECTS de prácticas externas curriculares do plan de estudos.
	Porcentaxe de ECTS prácticos no plan de estudos, excluídas as prácticas externas obrigatorias.
	Porcentaxe de estudantes que realizan prácticas externas curriculares.
Programas de titorización / mentorización	Indíquense os programas de titorización e mentorización, o número de docentes implicados e o grao de satisfacción do estudantado.
Profesorado	
Participación do profesorado en cursos oficiais de innovación docente	Indíquese a porcentaxe estimada de PDI participante respecto do total do título <u>nos últimos 5 anos</u> .
Grupos de Innovación Docente	Profesorado do grao participante no GID activo.
Excelencia docente	Porcentaxe de profesorado avaliado no programa Docentia do total do título. Porcentaxe de profesorado do título que acada unha nota ≥ notable.
Premios de innovación docente	Premios de innovación docente (de ámbito autonómico, nacional ou internacional) acadados polo profesorado do grao individualmente ou en proxectos de colaboración.
Avaliación	
Avaliación formativa	Indíquense actividades ou instrumentos empregados (proxectos, estudos de caso, rúbricas, portafolios, diarios de aprendizaxe etc.) e a porcentaxe estimada de materias que incorporan este tipo de avaliación.



Avaliación continua	Existencia de sistemas alternativos, sen necesidade de proba final, nalgúns materias do título e a porcentaxe estimada de materias que incorporan este tipo de avaliación.
Outras estratexias de innovación dos procedementos/instrumentos de avaliación	Exemplos de ferramentas innovadoras de avaliación que faciliten a reflexión do alumnado sobre o propio proceso de aprendizaxe e a súa mellora.
Inserción laboral	
Taxa de inserción laboral	Último indicador publicado de inserción laboral do informe ACSUG. Último indicador publicado do estudo de afiliación á Seguridade Social (SIU). Engádanse datos propios do centro ou de egresados, se se dispón deles.
Relación con organizacións da contorna	Indíquese se existe un comité (grupo de persoas expertas pertencentes ao ámbito universitario e ao mercado laboral, industria e/ou organizacións sectoriais). De ser o caso, indíquense a composición, funcións e accións prioritarias. Existencia de actividades sobre emprego e emprendemento organizadas polo grao.
Internacionalización	
Colaboración con universidades estranxeiras	Indíquense os acordos, proxectos conxuntos ou programas compartidos (dobre titulación, prácticas internacionais, docencia coordinada...) con universidades estranxeiras.
Mobilidade do estudiantado	Porcentaxe de alumnado, tanto de entrada como de saída, en relación co total matriculado no título.
Créditos ofertados en linguas estranxeiras	Porcentaxe de créditos do grao ofertados en inglés ou outras linguas estranxeiras para favorecer a orientación internacional.
PDI con perfil internacional	Número de PDI estranxeiro participante no grao e o nivel acreditado de idioma do profesorado que imparte docencia en lingua estranxeira.